

REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO

Día: 03.02.2016 Hora: 10:30

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 3 de febreiro de 2016, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.


A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 45269 (09/POC-006638)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Val Alonso, José Ramón e 2 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para a mellora das infraestruturas portuarias de Foz
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 586, do 21.01.2016
- 1.2 45329 (09/POC-006654)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre as axudas outorgadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 586, do 21.01.2016
- 1.3 45330 (09/POC-006655)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto das actividades do Instituto Tecnolóxico de Control do Medio Mariño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 586, do 21.01.2016

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 40359 (09/PNC-003379)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel
Sobre a adopción de medidas por parte do Goberno galego respecto do último informe do Consello Interterritorial para a Explotación dos Mares, o futuro acordo con Portugal e os paros subvencionados para enfrontar a situación actual da pesca da sardiña pola frota do cerco
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 516, do 10.09.2015
- 2.2 42707 (09/PNC-003573)



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a garantía polo Ente Público Portos de Galicia do abrigo e a protección da frota no porto de Aldán, así como a execución da mellora das instalacións da lonxa

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 539, do 21.10.2015

2.3

45348 (09/PNC-003756)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 20.01.2016

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2016

Javier Jorge Guerra Fernández
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Javier Jorge Guerra Fernández na data 27/01/2016 14:13:12

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Javier Jorge Guerra Fernández

P

Vicepresidenta

Rosa Oubiña Solla

P

Secretario

José Manuel Gallego Lomba

S

Vogais

José Manuel Balseiro Orol

P

Juan Manuel Fajardo Recouso

AGE

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte

S

María Consuelo Martínez García

M

Vidal Martínez-Sierra López

P

Berta Pérez Hernández

P

María Herminia Pouso Maneiro

P

Daniel Rodas Chapela

BNG

Ramón Santos Pérez

P

Gonzalo Trenor López

P

José Ramón Val Alonso

S

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 03.02.2016

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 03.02.2016

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 45269(09/POC-006638)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para a mellora das infraestruturas portuarias de Foz

Publicación da iniciativa, 586, 21.01.2016

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento


Partido dos
Socialistas
de Galicia


José Ramón Val Alonso, José Manuel Gallego Lomba e María de los Ángeles Ferreiro Vidarte, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O Grupo Parlamentario Socialista ten constancia que a asociación A Ribeira de Foz ten solicitado a Portos de Galicia unha serie de melloras nas infraestruturas portuarias desta vila mariñana.

Melloras en amas as dúas dársenas portuarias xa que se atopan nunha situación lamentable, e que consisten unicamente en facer o mantemento axeitado das instalacións, retirada de rochas desprendidas dos diques de abrigo do porto e que dificultan as manobras de entrada e saída dos atraques, reparación dos piares de soporte dos pantaláns, e incluso tamén no seu propio firme.

Pero o que sen dúbida resulta de maior interese para os usuarios é saber cando van proceder ao dragado das dársenas, unha delas comprometida de xeito reiterado nos orzamentos de Portos de Galicia pero sen executar, e a outra solicitada de xeito formal tanto pola propia asociación como pola confraría de pescadores.

Por todo o anteriormente descrito os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego realizar as reparacións menores de mantemento solicitadas polos usuarios?

2ª) Ten orzamentado o seu custo?



Grupo Parlamentario

3ª) Que previsións manexa para executar o dragado da dársena pesqueira?

4ª) Considera o Goberno galego suficiente a partida orzamentada (170.000€) para dragar e ampliar as instalacións portuarias?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5ª) Que solucións manexa para a falta de calado da dársena denominada "Porto Chico"?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2016

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 11/01/2016 12:35:32

José Manuel Gallego Lomba na data 11/01/2016 12:35:49

María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 11/01/2016 12:36:00

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 03.02.2016

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 45329(09/POC-006654)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre as axudas outorgadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca

Publicación da iniciativa, 586, 21.01.2016

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Rosa Oubiña Solla, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Herminia Pouso Maneiro e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O Diario Oficial de Galicia publicaba o martes 29 de setembro a relación de axudas outorgadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar cofinanciadas con cargo ao Fondo Europeo da Pesca (FEP).

Entre os beneficiarios destes apoios están produtores como os bateiros, depuradoras de moluscos e a industria da transformación (cocedeiros e conserveiras).

Destacan con intensidade as axudas dirixidas a industrias de transformación e comercialización dos produtos procedentes da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- A canto ascenden as axudas destinadas a produtores, depuradoras e industria de transformación, recollidas nesta resolución?
- 2.- Cales son, con carácter xeral, a finalidade para as que reciben as axudas as empresas beneficiarias? ¿E as destinadas para os mexilloeiros?
- 3.- Que valoración fai o Goberno galego destes apoios?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2016

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2016 13:50:15

Rosa Oubiña Solla na data 12/01/2016 13:50:24



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 12/01/2016 13:58
Nº Rexistro: 45329
Data envío: 12/01/2016 13:58:47.662

Javier Jorge Guerra Fernández na data 12/01/2016 13:50:29

Vidal Martínez-Sierra López na data 12/01/2016 13:50:37

Berta Pérez Hernández na data 12/01/2016 13:50:43

María Herminia Pouso Maneiro na data 12/01/2016 13:50:51

Gonzalo Trenor Lopez na data 12/01/2016 13:50:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 03.02.2016

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 45330(09/POC-006655)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das actividades do Instituto Tecnolóxico de Control do Medio Mariño

Publicación da iniciativa, 586, 21.01.2016

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Rosa Oubiña Solla, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Herminia Pouso Maneiro e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A normativa comunitaria vixente establece que as biotoxinas mariñas deben ser controladas nos moluscos bivalvos, así como os distintos límites legais que non poden excederse.

Este é un dos principais cometidos do INTECMAR (Instituto Tecnolóxico de Control do Medio Mariño) organismo científico dependente da Consellería do Mar.

A Unión Europea estableceu que o novo método de referencia para realizar este control é o químico, en troques do biolóxico, o que require dispoñer de estándares e material certificado para detectar as células tóxicas.

Ata o de agora, precisaba encargar estes patróns certificados para as análises a unha empresa de Canadá, circunstancia que ten mudado na actualidade xa que en Lugo unha empresa galega pode cubrir esta necesidade.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Como valora o Goberno galego as posibilidades que abre para o traballo o INTECMAR as innovacións do laboratorio químico-farmacéutico CIGFA, instalado en Lugo?
- 2.- Que actuacións desenvolve o Goberno galego no obxectivo de reforzar a importante labor investigadora que se fai o INTECMAR ou centros como o CIMA?
- 3.- En que porcentaxe o Goberno galego ten previsto incrementar o orzamento dispoñible para o INTECMAR en 2016?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2016 13:59
Nº Rexistro: 45330
Data envío: 12/01/2016 13:59:15.396**

- 4.- Que previsións ten este organismo, dependente da Consellería do Mar para a adquisición de novos equipamentos dirixidos a mellorar a realización das análíticas e darlle así mellores respostas ás necesidades do sector?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2015

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2016 13:51:41

Rosa Oubiña Solla na data 12/01/2016 13:51:52

Javier Jorge Guerra Fernández na data 12/01/2016 13:51:57

Vidal Martínez-Sierra López na data 12/01/2016 13:52:07

Berta Pérez Hernández na data 12/01/2016 13:52:13

María Herminia Pouso Maneiro na data 12/01/2016 13:52:21

Gonzalo Trenor Lopez na data 12/01/2016 13:52:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 03.02.2016

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 03.02.2016

Hora: 10:30

Orde do día


2.1 40359(09/PNC-003379)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapelá, Daniel

Sobre a adopción de medidas por parte do Goberno galego respecto do último informe do Consello Interterritorial para a Explotación dos Mares, o futuro acordo con Portugal e os paros subvencionados para afrontar a situación actual da pesca da sardiña pola frota do cerco

Publicación da iniciativa, 516, 10.09.2015



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, instando a Xunta de Galiza a adoptar medidas con respecto ao último informe do CIEM, o futuro acordo con Portugal e os paros subvencionados para enfrontar a situación actual da pesca da sardiña pola frota do cerco.

O estado do recurso da sardiña pasa por contabilizar as capturas máis baixas dos últimos lustros. Isto obrigou ao Estado español e a República de Portugal a establecer unha regra de xestión mediante a cal se auto-impuxeron un tope máximo de capturas de 19.000 toneladas para este ano 2015.

A pesares das restricións a que está sometido esta pesqueira chama a atención que en xullo deste ano o Consello Internacional para a Explotación do Mares (CIEM) fai público uns datos onde suxire que para o vindeiro ano (2016), a cantidade máxima de capturas aconsellable debe ser de 1.589 toneladas. Isto é, menos do 10% do límite establecido para este ano.

Este é un criterio que na actualidade non é de obrigado cumprimento mentres non sexa a UE a que asuma as competencias da xestión do caladoiro, pero que soen telo en conta ambos estados e que ven con temor como esta proposta ameaza a situación da frota do cerco para a vindeira campaña. Esta situación foi avaliada no recente encontro de ministras que tivo lugar en Madrid con motivo da crise do prezo do leite e transcendeu que ambos países teñen dúbidas sobre a rigorosidade deste informe e



apuntan que pode haber erros na metodoloxía empregada na avaliación do stock. Aínda así non deixa de ser preocupante a situación do banco de cara a vindeira campaña.

No encontro aproveitaron para valorar a situación actual do que se leva consumido da cota asignada a cada país, reflectindo que o Estado español leva pescado cerca da metade da súa cota mentres que algunhas zonas de Portugal xa teñen esgotada o total das capturas asignadas polo que compre establecer con claridade os criterios para poder acollerse as ordes de axudas de paralización de actividade, as axudas e o pago das mesmas en tempo que lle permita recibilas nun tempo razoable e que non pase o que aconteceu o ano pasado.

E dado que o acordo entre os dous países remata este ano sería bo que contrastasen os datos conxuntamente e en colaboración do CIEM para preparar o do vindeiro ano e poder garantir a viabilidade da actividade pesqueira e ao mesmo tempo que se posibilite a recuperación da stock da sardiña ibérica e asegurar o futuro da actividade do cerco.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para a o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a adoptar medidas con respecto ao último informe do CIEM, o futuro acordo con Portugal e os paros subvencionados para enfrontar a situación actual da pesca da sardiña pola frota do cerco.”

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2015



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2015 12:55
Nº Rexistro: 40359
Data envío: 01/09/2015 12:55:48.850



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Daniel Rodas Chapela
Deputado do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 01/09/2015 12:23:34

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 01/09/2015 12:23:40

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 03.02.2016

Hora: 10:30

Orde do día


2.2 42707(09/PNC-003573)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a garantía polo Ente Público Portos de Galicia do abrigo e a protección da frota no porto de Aldán, así como a execución da mellora das instalacións da lonxa

Publicación da iniciativa, 539, 21.10.2015



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, instando a Portos de Galiza a garantir o abrigo e a protección da flota que atraca no porto de Aldán e a levar a cabo a mellora das instalacións da lonxa.

Coa chegada do inverno o sector pesqueiro-mexiloeiro con base en Aldán volve estar atemorizado polos repetidos sucesos que teñen lugar cando entran os temporais a consecuencia de contar cun porto de escaso abrigo. O paso dos temporais con ventos que sopran do noroeste volven a cada pouco a evidenciar as condicións deste portos e os sucesos ocorridos recentemente: en abril do 2014 desprendeuse o barco bateeiro de 20 metros de eslora, o “Manuel Marcelino Dos”, que acabou varando no areal de Vilariño. Unhas 15 embarcacións de menor porte padeceron tamén diversos danos, algunhas arrastradas polo propio bateeiro e outros desenganchándose”.

Sucesos demasiado frecuentes con consecuencias moitas veces dramáticas que poñen en evidencia unhas instalacións inseguras que reiteradamente están sendo demandadas polo patrón maior da confraría acompañado polo, ata fai pouco alcalde de Cangas, Henrique Sotelo e que parecía que tiñan logrado o compromiso de Portos de Galiza para e darlle unha solución que garante a seguridade das embarcacións que amarran no mesmo.

O mesmo presidente do Ente autonómico ten transmitido a este deputado en setembro do 2014 que, “neste momento, e dado que non se poden facer estruturas fixas segundo os primeiros estudos, o tempo que suporía a tramitación dos informes



correspondentes ante as distintas administracións e a dispoñibilidade orzamentaria, Portos de Galiza propón como alternativa a colocación dun **dique aboiante**”.

De feito e a través dun convenio de colaboración coa Universidade de Vigo as obras comezaron en maio, sen que coñezamos o proxecto. coa instalación dos pivotes onde supostamente ía ir colocada a barreira flotante. Estas obras fóronse ralentizando e na actualidade están completamente paradas, ao igual que as promesas para resolver os graves problemas da lonxa vella, na que entre outros males chove dentro, a prestación de servizo por parte dun axente de gardamolles, etc, o que está provocando que volva o temor e que escape a confianza nos compromisos adquiridos polo presidente de Portos.

Estas son as razóns que levan ao Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión:

“O Parlamento galego insta a Portos de Galiza a garantir o abrigo e a protección da flota que atraca no porto de Aldán e a levar a cabo a mellora das instalacións da lonxa.”

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2015

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2015 12:12
Nº Rexistro: 42707

Data envío: 14/10/2015 12:12:39.191

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 14/10/2015 11:22:18

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 14/10/2015 11:22:24

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 03.02.2016

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 45348(09/PNC-003756)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia

Publicación da iniciativa, 585, 20.01.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2016 11:08
Nº Rexistro: 45348
Data envío: 13/01/2016 11:08:31.289

GRUPO PARLAMENTAR
AGE Alternativa Galega
de Esquerda



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a través do seu voceiro e a iniciativa do seu deputado **Juan M. Fajardo Recouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**

Exposición de Motivos:

O Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia que foi sometido a exposición pública durante o pasado mes de xaneiro, e que está pendente da contestación ás diversas alegacións realizadas polos sectores produtivos do mar galegos, contempla algunhas determinacións que, de facto, suporían rachar coa actual configuración da explotación do mar, así como un risco inasumible para a nosa pesca e marisqueo tradicional, que debemos recordar son os eixos fundamentais nos que se sustentan os principios da política pesqueira común da Unión Europea.

Este anteproxecto súmase á batería legislativa desenvolvida polo goberno Autonómico que afonda na demolición das medidas de protección e xestión racional do territorio, promovendo unha nova cultura do espolio. Así esta lei xunto co plan director de Acuicultura de Galicia (PDALG), o plan Sectorial de Actividades Extractivas, a Lei de Montes e lei de Costas, entre outras, abren sen límites a ocupación e privatización total do territorio costeiro e das nosas augas interiores, independentemente di lugar, cualificación urbanística ou figura de protección que teña.

A norma pretende salienta o carácter estratéxico da acuicultura fronte a calquera outra utilización da nosa costa ou lámina de auga, introducindo elemento que permiten por exemplo, a expropiación forzosa, ou a consideración dos proxectos como de carácter supramunicipal, impedindo polo

tanto aos concellos a súa capacidade para determinar os usos dos seu ámbito territorial.

Cecais con independencia das consideracións medioambientais que logo trataremos estamos ante o maior ataque os sectores tradicionais do noso mar, marisqueo, pesca tradicional, sector mexiloeiro etc. Dadas as modificacións introducidas polo anteproxecto no modelo de xestión das concesións administrativas, nas que se introduce a igualdade de acceso mediante permisos de actividade que serán outorgados baixo os principios de obxectividade, publicidade, transparencia e libre concorrència, verbalizando polo tanto a propia lei, que calquera poderá acceder a solicitar estes permisos, e que a través dos procesos pregos para cada caso, será a capacidade económica e técnica quen defina en último lugar, quen explota unha ou outra concesión, eliminando polo tanto esa suposta igualdade, para beneficiar as grandes multinacionais fronte as organizacións, como confrarías ou agrupación de mariscadoras, incapaces de competir con estes monstros económicos, pero ademais gardando na manga a posibilidade de unha vez outorgada, a un confradía ou agrupación, a autorización esta pode ser revocada si non é sostible, o que garante en definitiva a privatización do noso mar.

Ademais a Xunta fixo xestións a través do consello europeo da Rexións, para ceder determinadas competencias na UE, de forma que esta legisle o modo de acceso as concesións, feito este que a propia Xunta, en documentos presentados ante este consello propón como modelo a Poxa, incidindo deste xeito na predilección polos mais poderosos economicamente fronte aos sectores tradicionais do noso mar

Outra das incorreccións que plantexa a consellería do Mar, é a suposta voluntariedade da transformación do marisqueo en acuicultura, xa que a suposta voluntariedade da non transformación, comporta a imposibilidade de acceder a axuda públicas, polo tanto unha desigualdade que obriga as nosas agrupacións de mariscadores a conversión ou a desaparición.

No aspecto medioambiental non podemos compartir un modelo que plantexa a aposta pola acuicultura intensiva, de especies fundamentalmente carnívoras, e

que plantexa como obxectivos a acuicultura multitrófica e a destinada a consumo non humano.

Ambas cuestións supoñen de facto un risco para a biodiversidade e sustentabilidade do noso mar, plantexando os nosos sectores tradicionais un futuro onde simplemente serán subministradores de peixe e moluscos para a transformación en fariña que sirva de alimento as grandes plantas piscícolas.

A práctica deste modelo de cría de especies carnívoras, sustentadas con derivados das fariñas de peixe, e rodeados de bivalvos que supostamente filtren os seus insumos, para logo seren utilizados como alimento das especies obxectivo, non salvagarda as poboacións autóctonas do noso mar, senón que aumenta a súa depredación e o risco de supervivencia pola concentración de residuos e antibióticos liberados nestas plantacións, con medidas moi pouco eficaces de depuración, que supoñen un enorme impacto no fráxil equilibrio das nosas rías e costas.

Non podemos esquecer a elevada ocupación territorial deste modelo, que dado o seu carácter prioritario na lei, expulsará os pescadores tradicionais dos entornos das plantas, tal como se recolle no capítulo de prohibicións, ademais do apartado de sancións, onde as elevadísimas cuantías plantexadas son un elemento máis na política de expulsión dos produtores tradicionais.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en **Comisión**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Retirar de forma inmediata o anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia
2. Elaborar un proceso de diálogo con todos os sectores do mar de Galicia para establecer as bases nas que debe fundamentarse un novo anteproxecto de lei de acuicultura para o noso país.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2016.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 13/01/2016 11:07:04

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 13/01/2016 11:07:09